



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 30 de xaneiro de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. David Regades Fernández
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e cincuenta e cinco minutos do día trinta de xaneiro de dous mil dezaoto e baixo a presidencia do segundo tenente de alcalde, Sr. Regades Fernández (Resolución de Alcaldía 29/01/18) por ausencia do Excmo. Sr. alcalde, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(69).-RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(70) PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA 2018. EXPTE. 148133/301.

Visto o informe de fiscalización do 30/01/18, dáse conta do informe-proposta asinado con data 29/01/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos de teleasistencia 2018 (148.133-301)

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos de teleasistencia 2018 (148.133-301)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 11 de xaneiro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos de Teleasistencia 2018 (148.133-301) na seguinte orde descendente:

LICITADOR	PUNTUACIÓN
<i>EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, S.A.</i>	<i>100</i>

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que o apartado 6E do Anexo I -FEC- do PCAP esixe unha determinada habilitación profesional (“é requisito imprescindible estar inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia. A acreditación desta inscrición se incluírá no Sobre A”).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*



Concello de Vigo

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A., o día 11 de xaneiro de 2018, que presenta a documentación requirida o 24 de xaneiro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 29 de xaneiro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A., de acordo cos informes de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor e o acordo da Mesa de Contratación, de datas 2 e 8 de xaneiro de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A. o procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos de teleasistencia 2018 (148.133-301) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 93.600 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.600 euros*

- b) O prezo unitario sen IVE de usuario/mes de 11,90 euros, sendo a cota correspondente o IVE a de 0,48 euros o que supón un prezo de usuario/mes 12,38 euros.

3.- Non propón a realización de chamadas semanais de seguimento para todas as persoas usuarias do servizo.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(71) PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO. EXPTE. 41785/444.

Visto o informe de fiscalización do 30/01/2018, dáse conta do informe-proposta do 29/01/18, da secretaria da Mesa de Contratación:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de 29 de xaneiro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

- b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do Concello de Vigo (41.785-444)

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do Concello de Vigo (41.785-444)



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 17 de xaneiro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do Concello de Vigo (41.785-444) na seguinte orde descendente:

	<i>Licitador</i>	<i>Prz_ofertado</i>
1	<i>GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.</i>	<i>4.145.511,45 €</i>
2	<i>EDP COMERCIALIZADORA, SAU.</i>	<i>4.232.977,02 €</i>
3	<i>AURA ENERGÍA, S.L.</i>	<i>4.252.074,59 €</i>
4	<i>ENDESA ENERGÍA, S.A.</i>	<i>4.324.883,00 €</i>

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.884,50 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., o día 18 de xaneiro de 2018, que presenta a documentación requirida o 25 de xaneiro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 29 de xaneiro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 10 de xaneiro de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. o procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do Concello de Vigo (41.785-444) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 11.778.593,26 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.044.218,66 euros e os prezos por Kwh de consumo os seguintes:*

Tarifa	Período	Prezos por KWH
2.0 A	P1	12,1854
2.0 DHA	P1	14,2935
2.0 DHA	P2	6,9229
2.0 DHS	P1	14,3987
2.0 DHS	P2	7,5631
2.0 DHS	P3	6,0846
2.1 A	P1	13,5188
2.1 DHA	P1	15,5407
2.1 DHA	P2	8,0133
3.0 A	P1	10,5768
3.0 A	P2	9,1396



Concello de Vigo

3.0 A	P3	6,8183
3.1 A	P1	9,2274
3.1 A	P2	8,5389
3.1 A	P3	6,6900
6.1 A	P1	10,9524
6.1 A	P2	9,8126
6.1 A	P3	8,2378
6.1 A	P4	7,4256
6.1 A	P5	6,9979
6.1 A	P6	6,2902

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(72) PROPOSTA DE SELECCIÓN DE MUTUA COLABORADORA DA SEGURIDADE SOCIAL. EXPTE. 29766/220.

Visto o informe de fiscalización do 30/01/2018, dáse conta do informe-proposta asinado con data 29/01/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de 29 de xaneiro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Proposta de selección

c) Procedemento aberto para a selección dunha mutua colaboradora da Seguridade Social (29.766-220)

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a selección dunha mutua colaboradora da Seguridade Social (29.766-220)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 11 de xaneiro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 27 de outubro de 2017 polo que non se admitiu a MUTUA UNIVERSAL neste procedemento por ter incorporado a documentación correspondente á proposición avaliable mediante fórmula no sobre A “documentación persoal” incumprindo así os requisitos de presentación da documentación e, en consecuencia, vulnerando a garantía do segredo das proposicións ata o momento no que deba procederse á súa apertura pública.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a selección dunha mutua colaboradora da Seguridade Social (29.766-220) na seguinte orde descendente:

	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	FREMAP MUTUA	93 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FREMAP MUTUA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 7 e 19 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (30.000 euros).*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 844,38 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado á mutua clasificada en primeiro lugar, FREMAP MUTUA, o día 17 de novembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 29 de novembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 29 de xaneiro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A cláusula 19 do PCAP impón ao órgano de contratación a obriga de acordar a selección de Mutua dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de selección deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada pola empresa clasificada en primeiro lugar, FREMAP MUTUA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adoptar o acordo de selección de Mutua colaboradora.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de selección de Mutua colaboradora ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor da Mutua que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento de selección (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por FREMAP MUTUA, de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor e o acordo da Mesa de Contratación, de data 10 de novembro de 2017.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Seleccionar á mutua FREMAP MUTUA. no procedemento aberto para a selección dunha mutua colaboradora da Seguridade Social (29.766-220) coas seguintes condicións:

- a) *A mutua ten 2 centros asistenciais propios na cidade de Vigo, para a cobertura das asistenciais médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras para a asistencia dos/as empregados/as públicos/as municipais do Concello de Vigo.*
- b) *A mutua comprométese a dispor de servizo de urxencias 24 horas (365 días) de uso exclusivo para os asegurados da mutua.*
- c) *A mutua ten 1 centro hospitalario propio na cidade de Vigo, para a cobertura das asistenciais médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras para a asistencia dos/as empregados/as públicos/as municipais do Concello de Vigo.*
- d) *A mutua ten concerto con 3 centros hospitalarios na cidade de Vigo, para a cobertura das asistenciais médicas, sanitarias, recuperadoras e*

rehabilitadoras para a asistencia dos/as empregados/as públicos/as municipais do Concello de Vigo.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE,
David Regades Fernández.